



SESION EXTRAORDINARIA DE 05 DE DECEMBRO DE 2019

(Acta Número 17)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D^a. M^a. Elena Candía López
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do **día cinco de decembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Imos comezar este pleno extraordinario con tres puntos na Orde do Día. Antes de dar comezo ó primeiro dos puntos, informarlles ás señoras e señores Deputados que, debido a que eu considero que o proxecto de orzamento de cada ano é sen dúbida un dos asuntos máis relevantes que debe debater a Corporación Provincial, e dado que o Regulamento establece un tempo de seis minutos para a primeira intervención, co obxectivo de que as señoras e señores voceiros teñan tempo suficiente para expoñer os seus argumentos tanto a favor coma en contra, para o primeiro turno de intervención van dispor dun tempo de dez minutos.

Sobre este asunto xa foron informados as señoras e señores voceiros persoalmente por vía telefónica para coñecemento e efectos, e organización de cadaún cos seus tempos. Por tanto imos dar comezo ó primeiro dos puntos da Orde do Día”.

COMISIONS DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS E COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2020, E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA.

Logo de ver o ditame das Comisións de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas e Comisión de Asuntos do Pleno, no que se sinala o seguinte:

“A proposta da Presidencia di o seguinte:

“**1.-** O proxecto de Orzamento Xeral integrado polo da propia entidade e o de SUPLUSA ascende a:

- A propia entidade:	87.368.142,62 €
- SUPLUSA:	1.110.609,21 €



DEPUTACIÓN DE LUGO

- Orzamento xeral consolidado: 88.478.751,83 €

Aumenta en 3.356.695,35 € respecto de 2019, o que representa o 3,94 %.

O ámbito subxectivo efecto de delimitar o perímetro de consolidación de tódolos entes dependentes da Deputación clasificados como “Administración Pública” pola IGAE, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública, e regra de gasto que establece a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria (LOE), é preciso engadir o Consorcio Provincial de extinción de incendios, co seguinte detalle:

- A propia entidade:	87.368.142,62 €
- SUPLUSA:	1.110.609,21 €
- Consorcio Provincial de extinción de incendios:	5.588.778,56 €
- Consolidación dos 3 entes (LOE)	91.742.793,61 €

Aumenta en 3.275.787,03 € respecto de 2019, o que representa o 3,70 %.

Os estados de ingresos e gastos por capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	SUPLUSA	Consorcio Bombeiros	TRANSFER. OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
I N G R E S O S					
Op. non financeiras (1-7)	87.068.142,62 €	1.110.609,21 €	5.588.778,56 €	2.324.736,78 €	91.442.793,61 €
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.830.327,91 €	- €	- €		5.830.327,91 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	5.080.370,99 €	- €	- €		5.080.370,99 €
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	3.642.274,01 €	- €	939.205,00 €		4.581.479,01 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	72.384.221,06 €	- €	4.649.473,56 €	2.324.736,78 €	74.708.957,84 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	64.350,00 €	300,83 €	100,00 €		64.750,83 €
6. ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	- €	1.110.308,38 €	- €		1.110.308,38 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	66.598,65 €	- €	- €	- €	66.598,65 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €	- €	- €	- €	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €				300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €	- €			- €
TOTAL	87.368.142,62 €	1.110.609,21 €	5.588.778,56 €	2.324.736,78 €	91.742.793,61 €

G A S T O S					
Op. non financeiras (1-7)	85.373.909,06 €	1.110.609,21 €	5.588.778,56 €	2.324.736,78 €	89.748.560,05 €
1. GASTOS DE PERSOAL	27.903.895,83 €	757.638,10 €	4.454.431,85 €		33.115.965,78 €
2. GASTOS CORR. EN BENS E SERV.	21.443.371,08 €	323.807,82 €	754.263,00 €		22.521.441,90 €
3. GASTOS FINANCEIROS	94.600,00 €	- €	100,00 €		94.700,00 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	15.912.945,16 €	- €	- €	2.324.736,78 €	13.588.208,38 €
5. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	923.586,00 €	17.163,29 €	46.083,71 €		986.833,00 €
6. INVESTIMENTOS REAIS	10.927.067,12 €	12.000,00 €	333.900,00 €		11.272.967,12 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	8.168.443,87 €	- €	- €	- €	8.168.443,87 €
Op. financeiras (8-9)	1.994.233,56 €	- €	- €	- €	1.994.233,56 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	380.769,23 €	- €	- €		380.769,23 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	1.613.464,33 €	- €	- €		1.613.464,33 €
TOTAL	87.368.142,62 €	1.110.609,21 €	5.588.778,56 €	2.324.736,78 €	91.742.793,61 €

Cúmprese cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública. O límite de gasto non financeiro ascende a 92.528.757,51 €, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

A masa salarial consolidada do persoal laboral incluída no orzamento 2020, formada por todas as retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social, no seu caso, e sen aumento retributivo para 2020, sen prexuízo do aumento no persoal laboral do Consorcio por pasar de xestión indirecta a directa, resulta una masa salarial laboral consolidada en 2020 ascendente a 7.340.452,43 €, co seguinte detalle:

Deputación: 3.652.812,88 €

Suplusa: 585.873,10 €

Consorcio de extinción de Incendios: 3.101.766,45 €

Ditas retribucións adecuaranse disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2020, consignando a tal fin a previsión do 2,30 % das retribucións no fondo de continxencia, ágas o Consorcio para o persoal de extinción de incendios do 1% segundo os convenios de aplicación.

Orzamento Xeral únense como anexos:

- Plan Orzamentario a medio prazo (2020-2022).
- Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.



- Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa SUPLUSA, non presenta ao estar en fase de liquidación.
- O Estado de consolidación dos Orzamentos que integran o Xeral.
- O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.
- Como documentación complementaria achégase a previsión do Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Informe de avaliación de estabilidade, regra de gasto, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

2.- O Orzamento da propia Entidade en 2019 estaba cifrado en 84.419.745,54 €, o presente aumenta en 2.948.397,08 €, o equivalente 3,49 %, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

INGRESOS	
<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	87.068.142,62 €
Oper. Corr. (1-5)	87.001.543,97 €
Oper. Cap. (6 -7)	66.598,65 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	- €
TOTAL INGRESOS	87.368.142,62 €

GASTOS	
<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	85.373.909,06 €
Oper. Corr. (1-5)	66.278.398,07 €
Oper. Cap. (6 -7)	19.095.510,99 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	1.994.233,56 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	380.769,23 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	1.613.464,33 €
TOTAL GASTOS	87.368.142,62 €

Os Capítulos de Investimentos e de Transferencias de capital ascenden a 19.095.510,99 € , aumenta en 306.941,28 € respecto ao 2019, equivalente ao 21,86 % do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

-Transferencias de capital:	66.598,65 €
-Alleamento de investimentos reais	0,00 €
-Recursos ordinarios:	19.028.912,34 €
-Operación de crédito a l/p:	0,00 €

O Capítulo 6 e 7 son obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por outras modificacións orzamentarias ao longo do exercicio.

Ao Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2018, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario.
- Liquidación do Orzamento de 2019 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario sen axustar.
- Estimación da Liquidación do orzamento de 2019 referida ao 31 de decembro.
- Anexo de persoal, e masa salarial laboral.
- Anexo ou Plan de investimentos que se prevé realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de información sobre convenios subscritos coa CCAA, en materia de gasto social.
- Informe económico-financeiro.

3.- Inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da Deputación, sendo de aplicación a SUPLUSA e demais entes dependentes en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional.



Polo que vai dito, o presente Orzamento Xeral informado pola Interventora, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 112), do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (art. 162 e seguintes), e Rd 500/90, do 21 de abril, e a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio 2020 que ascende a 88.478.751,83 €, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, integrado polo da propia Entidade que ascende a 87.368.142,62 €, e as previsións de ingresos e gastos da empresa SUPLUSA en fase de liquidación, que ascende a 1.110.609,21 €, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

2º.- Aprobar o Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

3º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral.

4º.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2020 ascendente a 92.528.757,51 €, e a masa salarial consolidada do persoal laboral que ascende a 7.340.452,43 €.

5º.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo (2020-2022).

6º.- Dación de conta do Plan de Investimento e Financiamento do 2020.

7º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o

citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Sra. Interventora fai constar que no documento entregado aos Deputados/as fixéronse cambios na relación de Subvencións Nominativas, xa que o Servizo de Deportes comunicou un erro no concepto da Subvención á SDC Milagrosa, que en lugar de “Subvención Gastos Tempada Sección Feminina”, ten que poñer “Actividade Deportiva Sección Feminina SCD Milagrosa Ano 2020”.

Ademais, recibíuse escrito da Deputada de Medio Rural, do Mar e Mocidade que propón a inclusión na relación de Subvencións Nominativas das seguintes:

Perceptor	Concepto	Importe	Aplicación Orzamentaria
ASOCIACIÓN CULTURAL FANTO FANTINI	ORGANIZACIÓN FESTIVAL OSSA DO MAR 2020	10.000,00 €	3342.48900
ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA AS MINAS	ORGANIZACIÓN FESTIVAL DAS MINAS 2020	5.000,00 €	3342.48900
ASOCIACIÓN BOLA MEIGA	ORGANIZACIÓN MÁSTER FUTBOLÍN RÁBADE 2020	1.500,00 €	3342.48900
FUNDACIÓN PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO	XUVENLUGO ANULIDADE 2020	15.000,00 €	3342.48903

Apórtaselles copia das páxinas do Orzamento (Relación de Subvencións Nominativas e programa de gastos “3342. Mocidade”) que se modifican polos cambios enumerados sen que supoña ningún outro cambio no documento”.

As Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, e Comisión de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, D. Óscar Poy Franco, D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.



Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O proxecto de Orzamentos da Deputación de Lugo que traemos dende o goberno provincial a este Pleno para o seu debate e aprobación ascende a 91.742.793,61 euros, incluído o presuposto da propia Entidade, o da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, e o do Consorcio de Bombeiros.

Por Capítulos, en ingresos sube a participación nos tributos do Estado en 3,2 millóns de euros, que é a cantidade na que se incrementa o total dos Orzamentos, o que supón unha suba con respecto ó 2019 de preto dun 4%.

En canto ós gastos, as principais variacións prodúcense nos Capítulos de persoal e de gastos correntes, debido á implantación do modelo de xestión directa dos parques de bombeiros; e tamén no Capítulo de pasivos financeiros porque comezamos a amortizar a débeda do crédito en vigor de quince millóns.

Este Presuposto reflicte a decisión de disolver Suplusa, e elimínase a achega da Deputación ó ente mercantil, porque ó estar en fase de liquidación non é necesario aportar fondos tendo en conta ademáis os recursos existentes na propia entidade.

Os Orzamentos do 2020 plasman o noso proxecto de provincia, por iso teñen dous obxectivos fundamentais; a mellora e a ampliación dos servizos públicos para os veciños e veciñas, e o impulso da economía a través da creación de emprego sostible nos setores cun maior peso e potencial do tecido produtivo da provincia.

Creemos que estas liñas de actuación son indispensables para aumentar a calidade de vida dos lucenses, e para combater o despoboamento. Sen dúbida a mellor política demográfica consiste na dotación de servizos e na creación e mantemento de emprego sostible e de calidade, só así se apoia o rural.

Presentamos uns Orzamentos realistas que xorden da visión clara que temos no goberno provincial das necesidades e das oportunidades que ten a nosa provincia; en tanto que, pegados á realidade, son tamén uns Presupostos deseñados para ser útiles, unha utilidade que vén dada en primeiro lugar polo feito de terse presentado nunha data que nos permite poder aplicarlos dende o mes de xaneiro, porque no goberno somos conscientes de que aprobar os Presupostos en prazo é unha obriga de cara á cidadanía, sobre todo cara ós veciños e veciñas dos concellos pequenos nos que boa parte da actividade depende precisamente das achegas que recibamos da Deputación. O funcionamento normal da Deputación é tamén a garantía do funcionamento normal dos concellos é de que os veciños e veciñas sigan percibindo os servizos públicos de calidade ós que teñen dereito

En tanto que realista e útiles, estes Orzamentos manteñen a continuidade das liñas de acción que nos parecen fundamentais para a provincia, continúan o traballo precedente, e queren servir de apoio ós proxectos futuros.

Entendemos que esta continuidade é tamén un xeito de entender o noso labor de cooperación cos concellos; queremos que os concellos saiban que poden contar con que a Deputación teña os Presupostos en prazo; e queremos que saiban tamén que a nosa liña de traballo non vai dar bandazos, que coas modificacións que a práctica aconselle seguirán a contar cos programas que xa se veñen desenvolvendo; que temos capacidade para atender o urxente, pero temos sobre todo unha aposta clara polas liñas de traballo que dan bos resultados na mellora das condicións de vida dos nosos veciños e veciñas. E iso é precisamente o que queren conseguir estes Presupostos, é o obxectivo de tódolos Presupostos baseados en políticas progresistas, mellorar as condicións de vida das persoas.

Por todo iso os Orzamentos da Deputación de Lugo para o ano 2020 priorizan en catro grandes liñas de actuación: as políticas sociais, a cooperación cos concellos, a mellora da rede viaria, e o impulso dos sectores produtivos, nomeadamente o primario e o turismo.

Os Orzamentos de 2020 son fundamentalmente sociais, reservan máis de trinta millóns de euros, o que supón un 33% do total do Orzamento para políticas sociais, dende benestar, igualdade, emprego, cultura, deporte, e educación. Un investimento co que suplimos nunha parte moi importante á Administración que ten as competencias nestas materias, que é a Xunta de Galicia.



Dámoslle prioridade ás políticas sociais porque ademáis de garantir o benestar favorecen a conciliación e xeran actividade económica e emprego sostible; de feito a rede de protección social da Deputación, integrada polos centros de atención a maiores, a teleasistencia domiciliaria, e o servizo de axuda no fogar, mantén trescentos postos de traballo directos na provincia. Dentro do investimento social dedicamos nove millóns de euros para o funcionamento das residencias que temos en marcha, que son as de Pol, Trabada e Ribadeo, e para a apertura das da Fonsagrada, Castroverde, e Pedrafita do Cebreiro e, se fose posible, tamén Meira e Ribas de Sil.

As políticas de emprego contarán con cinco millóns de euros para plans de axudas directas á contratación, para formación e para apoio ó emprendemento, ben de xeito directo ou a través da cooperación cos concellos.

A nosa defensa dunha educación pública gratuita e universal como base da igualdade de oportunidades plásmase tamén nos Orzamentos provinciais cunha dotación económica de 2,6 millóns de euros. Máis da metade deste investimento, un millón e medio, está destinado ó centro de formación do Servizo de Audiovisuais, o único con esta titulación que existe na provincia, e que ademáis é público e con matrícula gratuita, agás para os que repitan.

Os Orzamentos do 2020 teñen a cooperación cos concellos tamén coma un eixo transversal; o Plan Único, un dos instrumentos entorno ós que se artella esta permanente colaboración cos 67 municipios da provincia, contará cunha dotación de algo máis de 20 millóns de euros entre os recursos previstos nos propios Orzamentos de 11,2 millóns de euros e a previsión de incorporación de remanentes.

O Plan Único establecerá un reparto transparente, equitativo e xusto dos fondos públicos da Deputación con criterios obxectivos aprobados no Pleno entre tódolos concellos lucenses. Os fondos do Plan Único estarán destinados á dotación e mellora de servizos e infraestruturas públicas, ó servizo de axuda no fogar, o plan de fomento de emprego, actividades turísticas, culturais, deportivas, administración electrónica, e para soste outros servizos como protección civil.

Non nos cansaremos de esixir á Xunta de Galicia que implante tamén un sistema de distribución equitativa, xusta e transparente dos fondos públicos coma este, e que deixe de discriminar ós concellos que non son da súa cor política.

Pero os Orzamentos do 2020 tamén priorizan na mellora da rede viaria, entendemos a mobilidade coma un dereito da cidadanía e coma un factor determinante para a igualdade de oportunidades e o equilibrio territorial. Por iso facemos un importante esforzo inversor de ata 14 millóns de euros para operacións de mantemento e conservación dos 4.200 quilómetros da rede viaria provincial, a máis extensa de España, para obra nova e tamén para o Parque Móbil, que por certo é outro instrumento de cooperación cos concellos moi importante.

Ademáis impulsamos tamén os setores produtivos, este goberno ten moi claro cales son as necesidades da provincia pero tamén as súas oportunidades económicas. Por iso con estes Orzamentos impulsamos sobre todo aquelas actividades cun maior peso e potencial como é o setor primario e o turístico.

En canto á actividade agrogandeira e forestal, reservamos dous millóns de euros para, entre outras actuacións, impulsar o centro de recría da Granxa Gayoso Castro; poñer en marcha e manter o funcionamento da granxa experimental de leite; impulsar a creación nas instalacións de Gayoso Castro dunha explotación para potenciar a raza porco celta; implantar na finca de Tor novas actividades vinculadas á produción ecolóxica; e activar novas liñas de axuda ós produtores para que poidan aumentar a base territorial das súas explotacións e mellorar así a súa competitividade.

En canto ó setor turístico, destinamos 2,4 millóns de euros para incorporar as tecnoloxías ó setor e atraer así máis visitantes; manter as rutas fluviais en catamarán, e a promoción da provincia en encontros de proxección nacional e internacional; dar un novo impulso á candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, un apoio que liderou esta Deputación dende o ano 2011, e ó que despois se uniron outras institucións como a Deputación de Ourense ou a Xunta de Galicia; aproveitar o potencial que representa o turismo vinculado ó Camiño de Santiago de cara ó Xacobeo 2021; e integrar á provincia na Rede Europea de Itinerarios Culturais para fomentar o turismo.



Estas son as grandes liñas de actuación dos Orzamentos para o ano 2020 que traemos a este Pleno para o seu debate e aprobación; uns Presupostos que ademáis manteñen a consolidación e a solvencia económica da Deputación”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candía López, Voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar, e como dixeran á entrada deste Pleno, este Grupo ten a intención de afeitar a coincidencia da convocatoria desta sesión plenaria coa convocatoria que tiñamos os Alcaldes da Mariña co novo comité de Alcoa unha vez coñecidas as últimas noticias publicadas no Boletín Oficial do Estado, e que deixa a factoría nunha situación bastante peor do que estaba a semana pasada e que, como sabe o Presidente, advertín antes de que a convocatoria estivera cursada.

En segundo lugar, e antes de entrar no contido, que lle agradezo que hai aproximadamente vinte minutos me comunicara que tiñamos un pouco máis de tempo para poder expoñer a nosa postura, temos que empezar dicindo que estes Orzamentos veñen fóra de prazo como ben todos vostedes saben, e iso ademáis provocando os conseguintes trastornos que indirectamente tamén recoñeceu a voceira neste caso do goberno, toda vez que os Orzamentos dos concellos tivemos que elaboralos sen ter en conta a cantidade da Deputación Provincial, feito que por certo afeou algún membro da oposición cando sabía que aínda non tiñamos os Orzamentos da Deputación.

E esixímoslle ademáis que os traian en prazo porque dixemos, e creo que hoxe máis ca nunca debemos insistir, que estamos diante do goberno máis caro da historia da Institución provincial, e iso que sempre defendemos que para traballar hai que ter medios evidentemente temos que esixir tamén que se traballe máis e mellor.

Veñen extemporáneos os Orzamentos, e ademáis vou citar outros dous exemplos que creo que causan graves prexuízos na provincia, como é a resolución das axudas de cultura, ou practicamente escasas horas que se publicou a listaxe dos deportistas individuais, convocatorias do ano 2019; creo que deben traballar máis e mellor e creo que teñen medios para elo.

Entrando no contido dos Orzamentos gustaríanos facer varias puntualizacións. Parécenos bastante pouco elegante que na propia memoria unha vez máis volva cuestionarse ou criticarse a etapa anterior, e tamén con números intentarei demostralo porque certamente das poucas cousas positivas que se poden poñer enriba da mesa nestes Orzamentos é precisamente o que se mantivo do goberno anterior. É pouco elegante cando di que trouxo a tranquilidade a esta Institución, evidentemente se algún membro do goberno do Partido Socialista ou doutros Partidos estaban nerviosos non debería ser nin esta Institución nin os Orzamentos o mecanismo para a súa tranquilidade.

Catro son os piares, dicía a Deputada de economía, que sustentaban os eixos estratéxicos destes Orzamentos, en primeiro lugar a aposta por benestar, servizos sociais, ou políticas sociais. Chama a atención que para defender teña que incluír aí incluso deporte e cultura, partidas que baixan dunha maneira moi considerable respecto ó Orzamento do ano pasado. Pero tamén baixa a cantidade que se destina á propia construción das residencias, cantidade que tamén nos chama un pouco a atención tendo en conta que aínda que na memoria non se fai unha descrición nomeada dos concellos que teñen asinado o protocolo ou convenio, si é verdade que recoñece que se van manter os compromisos, e precisamente cando hai máis compromisos é cando hai menos diñeiro.

É certo que se mantén unha cantidade, que se incrementa, para o mantemento deses tres centros que neste momento están en funcionamento, e evidentemente aí probablemente sería obxecto dun debate monotemático da xestión das residencias, agora xa non a construción, todos sabemos como foron evolucionando, primeiro ía construír e xestionalas Suplusa, despois ían querer prazas públicas da Xunta de Galicia, despois querían xestionalas en solitario, e agora o Presidente, e aí case lle vou ter que dar a razón, está profundamente preocupado porque pensan que se poñen en funcionamento seis e teñen cinco millóns de euros imaxinen cando estean funcionando todas, non van chegar trece millóns de euros destes recursos.

Poñen en valor a aposta polas infraestruturas, cando tamén é unha das partidas que se reduce considerablemente, máis de oitocentos mil euros consignan vostedes menos que o Orzamento do ano 2019. Poñen en valor a cooperación cos concellos, e isto tamén o poñemos nós, xa imos deixar de discutir se o Plan Único é duns ou doutros, como dixo un ponente das xornadas tan interesantes que organizaron vostedes, aínda que evidentemente pouca presenza tivo do



gobierno, non lle debía gustar moito o que dicían; é certo que esta Institución ten o Plan Único, pero tamén é certo que só se conseguiu cando había un goberno en minoría, e indubidablemente cando alguén queira pode cambialo.

Agradecemos profundamente, e póño moi en positivo, que se manteña ese Plan Único, pero tamén é verdade que se reduce, alo menos cos números que están na memoria que é o que podemos interpretar agora, e evidentemente temos que esperar á incorporación de remanentes; pero a memoria do ano 2019 dicía unha cifra, máis de 21 millóns de euros, e aquí o Presidente e tódolos membros do goberno nas súas manifestacións públicas dixeron vinte millóns, polo tanto é un millón menos, que entre sesenta e sete pódese parecer irrelevante pero efectivamente é un millón menos, polo menos o que vostedes anuncian pendentos de concretar cando teñamos a incorporación de remanentes.

Citan tamén que un dos setores estratéxicos é turismo e o setor primario. É verdade que en turismo hai un lixeiro aumento, entre a partida consignada para rutas na Ribeira Sacra e a partida de turismo creo que entorno a 30.000 euros; se efectivamente como din se vai facer unha aposta clara e decidida de posicionar a Ribeira Sacra xa non vou entrar a facer ningunha valoración de que neste momento incluso, previo á ponte, e cunha gran improvisación, pois ata a propia cafetería está pechada e cun carteliño na porta sen moita explicación ó respecto nun momento importante no ano; pero se do ano pasado non se fixo esa aposta clara e decidida como vostedes citan, e agora o incremento que supón son entorno a quince mil euros, son bastante escéptica no anuncio que agora veñen de facer.

E no setor primario si que evidentemente custa máis entrar en detalle, especialmente na Granxa Gayoso Castro, que tamén reducen a aportación, pasaron de 1.490.000 euros a 1.399.000; é curioso que soben 10.000 euros en investimentos, nunca deixarán de facerse, a cantidade de diñeiro que se leva investido na Granxa Gayoso Castro cando sempre se anuncia o seu remate e se pon en valor a súa posta en funcionamento como un proxecto rematado, pero vemos que ano tras ano segue sendo dende logo un buraco que absorbe moitos recursos da nosa Institución provincial.

Fomento do deporte ten un descenso de 473.000 euros respecto ó exercicio 2019, e tamén hai un importante descenso na promoción cultural; supoño que detrás diso estarán algúns dos

acordos que tiveron no pacto de goberno. Pero en todo caso, e sendo o máis rápida que puiden, creo que queda bastante clarificado con números que o único que entendemos que está ben, e aí xa o fixemos valer na etapa anterior, foi precisamente o mecanismo do Plan Único que segue sendo un instrumento imprescindible para os concellos.

Botamos en falta que o servizo de teleasistencia se mellore coma outras institucións, e déixenme, se mo permiten, poñer enriba da mesa algunha idea interesante como pode ser a posibilidade de xeolocalizadores que se están empregando xa noutras institucións, temos moita poboación maior e creo que é un mecanismo de mellora sen que absorba moitos recursos, e se fose, evidentemente tendo en conta os destinatarios, deberemos defendelo.

Botamos en falta, e tamén tiven ocasión de facello chegar a quen ten competencias para incluílo, que a nosa provincia poida desenvolver e liderar unha importante feira de turismo interior para potenciar todos eses recursos que temos, dígoos por falar en positivo; porque creo, e despois de escoitar a primeira intervención dende logo teño que confirmalo, máis que facer vostedes uns Orzamentos para as persoas e para os lucenses, preocúpense moito máis de facer uns Presupostos para loitar contra Feijóo.

E chámame a atención que o principal mecanismo, sen dúbida unha das Deputacións que debería poñer enriba da mesa un plan importante para loitar contra o despoboamento, e protección deste reto demográfico, e a Deputada que o defendeu foi unha das Alcaldesas que liderou accións ó respecto no seu concello; non o hai; e circunscríbense a que o mecanismo de protección demográfico son as residencias, cousa que evidentemente poñemos en valor, pero entón non poden criticar ó goberno de Feijóo porque dende o ano 2009 vostedes foron quen de crear 70 prazas de residencias, nese mesmo período de tempo o goberno de Feijóo creou 507, e vostedes critican, infravaloran e insultan o traballo do goberno da Xunta, evidentemente cos seus propios datos queda evidente que o problema deste Orzamento é que está máis centrado en desgastar as Administracións que máis invisten na nosa provincia que realmente en analizar e axudar ós veciños e veciñas da nosa provincia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:



“En primeiro lugar quería comezar a miña intervención dicindo que evidentemente son uns Orzamentos pactados, polo que subscribo as palabras da miña compañeira Mayra que fixo unha exposición técnica e acertada do que son estes Orzamentos.

E xa entrando en materia, case lle teño que dar a razón señora Candia, non sei se son uns Orzamentos para loitar contra Feijóo, pero si que lle digo que son uns Orzamentos para intentar que o goberno da Xunta faga o menor dano posible ós cidadáns desta provincia. Temos que cubrir un montón de campos que son competencias da Xunta; vostedes presumían o outro día co tema da sanidade e mire en que punto estamos hoxe, pero presumían de facer cousas no eido da sanidade cando teñen as competencias, e vén hoxe e presume de que crean prazas de residencias da terceira idade, pois se quere dámoslles as grazas. O que non tiña era que ter investido a Deputación ese diñeiro niso, porque é competencia da Xunta, pero como non o facía, e como a Deputación si que está para as persoas e para atender a nosa terceira idade, pois houbo que facer un esforzo grande niso para cubrir as eivas que deixa Feijóo.

Por tanto, non sei se en contra, pero alo menos para que sexan menos damnificados. Debería ser unha Institución que colaborara coa Xunta, pero non é posible porque vemos que día tras día abandóanos. Entonces é certo que hai algunhas inversións que poderían ir a outras partidas se a Xunta fixera o seu traballo, pero como non o fai teño que darlle a razón, e si que son uns Orzamentos contra Feijóo, e as nosas políticas son as contrarias ás que fai o Sr. Feijóo, niso tén razón, e eu síntome moi cómodo con esas declaracións que fixo vostede, e os meus compañeiros de goberno evidentemente tamén, porque o falamos sempre.

Pero fano coas residencias, fano no deporte, pódeme dicir canto leva investido en deporte a Xunta na provincia de Lugo nos últimos catro anos?, ridículo; os clubs desta provincia dependen da Deputación de Lugo, porque se esta Deputación deixara de colaborar con ese entramado deportivo desaparecerían, necesitannos os concellos para manter as instalacións onde vostedes non invisten nada, e necesitannos os clubs para subsistir. E veñen sempre cun par de proxectos, pero de investimento real ningún, entón si que son Orzamentos para loitar contra as políticas de Feijóo.

Se falamos das asociacións culturais, o mesmo; vostedes son de grandes eventos, pero ó final quen mantén o tecido cultural vivo é esta Deputación, e lévao sendo durante moitos anos, e loitamos contra as políticas da Xunta porque non inviste niso, ten razón, veu aquí darnos a razón.

No rural imos desenvolver un plan estratéxico de formación, poñer en valor e difundir os produtos de calidade, diso do que presume a Xunta e non fai tamén imos intentar facelo nós.

Porque vén aquí e métese nunha trampa, fai unhas declaracións e meteuse na trampa de dicir que son os Orzamentos contra Feijóo, claro que o son, non deberían selo, deberíamos investir todo ese diñeiro en residencias?, ó mellor non pero como non o investiu a Xunta nin ten visos de investilo temos que cubrir nós esas eivas.

E despois evidentemente son uns Orzamentos marcados polo Plan Único; a vostedes gústalles debater a paternidade do Plan Único pero é que os feitos son moi duros, hai tres Deputacións que cogovernamos o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, nesas tres hai Plan Único; e por casualidades da vida, na que non goberna nin cogoberna o BNG nin o PSOE, non hai Plan Único; pois o debate creo que da para pouco.

Máis debate sobre o Plan Único, a Xunta de Galicia non fai ningún Plan Único, que reparta a Xunta con criterios obxectivos, non o fan; entón esta Deputación si que o fai, son uns Orzamentos marcados polo Plan Único, e nese sentido si que son continuistas porque é certo que unha gran contía vai adicada a iso, pero é que o defendemos; se vostedes veñen aquí cun discurso que non queren entrar en materia, liouse, vén dicindo que son extemporáneos e vanse aprobar e van estar en vigor para o día un de xaneiro, non sei ó que lle chama vostede extemporaneidade.

E que fale dun retraso das axudas, pódeme dicir en que punto están as da Xunta?, pois estas van estar aprobadas dentro do ano e cun esforzo grande de tódolos funcionarios desta Casa, porque son moitas e é un traballo grande; calquera das dúas áreas que dixos, que son cultura e deportes, teñen un gran traballo para tramitar tódalas liñas de axuda de concorrencia, que volve a ser diñeiro que se reparte con criterios; e estamos moi orgullosos diso, ás veces poden ir un pouco antes ou un pouco despois, pero van en tempo; e as súas son poucas e aínda non están aprobadas.



Entonces, que un ano electoral coma este diga que van fóra de prazo, parece que temos poucos argumentos para rebater iso. E teñen poucos porque teñen que tapar as eivas da Xunta e teñen que tapar que volveramos a unha etapa estable, a que se aproben os Orzamentos negociados, con sentido común, e nunhas datas aceptables. E iso, xa o falamos moitas veces neste Pleno, a vostedes non lles gusta, non lles gusta que volvamos a unha etapa normal onde haxa un goberno con estabilidade, e onde vostedes están na oposición e non lles gusta, pero é a realidade que hai; sabemos que iso non lles gusta e gustoulles moito a lexislatura pasada; pero nós, e iso si que o falamos dende o primeiro momento cando fixemos o acordo de goberno, é de volver á normalidade, e a normalidade sonlle estas cousas, pactar uns Orzamentos, traelos a tempo, e que haxa uns debates da realidade das persoas, e non estar falando de quen debe presidir certas cousas ou como controlar un goberno dende a oposición.

Esta lexislatura vai ser a de facer cousas pola cidadanía das comarcas de Lugo; entonces non entendo que viñera vostede con isto de entrar pouco en materia e viñera con algúns exabruptos”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputa da D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“En canto á convocatoria de Alcoa, dicir que a mín convocáronme o venres 29, o mércores fíxose a rolda de prensa na que se deu a coñecer o Orzamento e xa a previsión de que este Pleno se celebraría no día de hoxe a esta hora con independencia de que estivera convocado ou non; se ben no caso do concello de Trabada vai a Tenente de Alcalde en representación do concello. Sen dúbida non é un tema menor, onte concentrabamonos en Foz para acompañar ós traballadores na defensa dos seus postos de traballo; Alcoa é fundamental para a comarca da Mariña pero tamén para a provincia, e dende logo eu creo que aquí temos que deixar a un lado os intereses partidistas e intentar traballar de forma conxunta tódalas Administracións, tanto concellos, Xunta de Galicia, Goberno Central, como a Deputación, na medida do posible para evitar o seu peche, e para poñer medidas enriba da mesa cada Administración en función tamén das posibilidades que teña.

Con respecto ó que falaban de demografía, evidentemente sabemos que calquera cuestión que se pretenda desenvolver para paliar o despoboamento no rural é algo que se vai acadar a longo

prazo, non podemos pensar en medidas nin a curto nin a medio prazo porque sabemos que non van dar os seus froitos. Se ben eu creo que é unha boa forma priorizar en achegarlle servizos á cidadanía, e tamén en xerar emprego no rural, é o que intentamos facer tamén con estes Orzamentos a través de vinte millóns de euros para o Plan Único, cinco millóns de euros para políticas de emprego, eses nove millóns de euros para residencias ata chegar ós trinta millóns que se destinan a políticas sociais. Porque sabemos que se lles afastamos os servizos públicos ós nosos veciños dificilmente van quedar a vivir no rural.

En Trabada vimos de ver agora como nos eliminaron unha mestra e perdemos unha unidade educativa porque non tiñamos o número mínimo que establece na ratio para manter a unidade. Claro, imos abrir agora un punto de atención á infancia, que fixemos precisamente en colaboración coa Deputación, e creo que é precisamente o que hai que facer, e no que o goberno da Deputación prioriza, en manter os servizos públicos e achegalos ós veciños desta provincia”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candía López, Voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Gustaríame reproducir a literalidade de como definiu o representante do Bloque Nacionalista Galego os últimos Orzamentos do 2019, que ademáis lle anuncio que votou en contra. Definía o Sr. Ferreiro os Orzamentos do ano 2019 coma uns Orzamentos “chapuiceiros”, e que non os podía apoiar, e votounos en contra.

Coa explicación, e dígollo con toda a humildade, sen presumir de nada, dándolle números e explicando nas partidas onde eu vía que había menos e onde me parecía que debía haber máis, pero é verdade que vostede non foi quen alo menos de demostrarme que eu estaba equivocada. É dicir, os Orzamentos do 2020 nos eixos estratéxicos que o goberno presenta para traballar pola provincia, en tódalas partidas se reduce a cantidade económica. Se facemos unha interpretación de que a aposta decidida por unha actuación ou unha actividade vai aparellada dun incremento orzamentario, a conclusión é que estes Orzamentos de 2020 son peor que os Orzamentos do 2019, e o seu compañeiro definíalos como “chapuiceiros”, e non llo digo eu, mire vostede a acta, porque eu creo que vostede vén coa mellor intención do mundo e quere facer cousas, pero o seu Partido ten unha historia nesta Institución.



E non me fale tampouco de controlar, porque un Partido Político que ten tres Deputados e controla practicamente o goberno con vinte e cinco, lexitimado está senón non estaba cogobernando pero como mínimo non debería vostede facer alusións a que on se poden controlar cousas, aínda encima nunha Institución da que din que hai que pechala e que non cre nela. Así que incoherencia e dende logo moi pouca seriedade cando fan algunha reflexión; con total respecto e humildade.

O Presidente da Xunta de Galicia, que representa a un Partido que por certo no caso do Bloque Nacionalista Galego multiplicou por catorce o apoio nesta provincia, aínda que só sexa por un respecto a quen o votou, gustaríame que a análise do seu traballo fora con ese mesmo respecto e proporcionalidade, leva apostando pola nosa provincia dunha maneira clara e decidida, e o foco do debate político parece que está centrado nas residencias, e simplemente na nosa provincia hai cinco centros con 522 prazas públicas, 40 centros con 2231 prazas concertadas, máis de 4000 usuarios beneficiados en axuda no fogar, que por certo aí tamén anunciamos unha campaña clara e decidida para que o Goberno do Estado pague o que debe na Lei de dependencia e nos permita no SAF dependentes os concellos poder ter unha solvencia e unha sostenibilidade nese servizo, e as libranzas vinculadas con preto de tres mil usuarios. E cunha puntualización, os usuarios das residencias da Deputación Provincial de Lugo, algúns deles son beneficiarios destas libranzas vinculadas. Así que creo que son datos, que non interpretacións”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu en números non entrei porque non sei exactamente de onde os saca, eu entendo que algunha das cifras que dan é que colleron os Orzamentos do 2019 despois da aplicación dos remanentes e do reparto do Plan Único, non o sei, non digo que sexa fixo iso pero teríamos que contrastalo, creo que si, pero en todo caso non entrei nese debate porque só me deu unha cifra e non imos entrar porque non temos tempo aquí para poñelo claro. Eu creo que van por aí os tiros nesas diferenzas.

Pero o que si lle digo é que a miña opinión do Sr. Feijóo é que lle puido votar todo o mundo pero evidentemente eu vou dicir que o está facendo mal porque é así, e parece que o está facendo moi ben pero véxoos un pouco nerviosos, ó mellor non o está facendo tan ben.

Vostede sácame as declaracións dicindo que os Orzamentos do 2019 son “chapuceiros” pero é que vostede votounos a favor e agora está criticando estes; vostedes abstivéronse para que saían adiante, ben sabemos todos como funciona a aritmética parlamentaria, ou sexa que non quixeron bloquealos.

En canto ó control, non malinterpreten as miñas palabras, vostedes quixeron retorcer e gobernar dende a oposición, e iso foi claro; nós gobernamos dende o goberno, e non controlamos ningún goberno, temos tres e temos un reparto con outro Partido, e temos a maioría suficiente para gobernar, pero iso chámase democracia, xa sei que vostedes veñen doutras cousas que cren menos e que agora teñen socios que están en contra da democracia, pero gobernar xuntando maiorías suficientes chámase democracia, e iso a min ensináronmo dende neno; e iso é o que ten este goberno.

Pero para rematar en positivo, cousa que ás veces é difícil co seu debate, repítoles que son uns Orzamentos marcados polo Plan Único, que é unha marca dos gobernos nos que están o BNG e o PSOE, e nos que está o PP nos existe Plan Único, iso hai que dicilo, e non imos discutir a paternidade pero a realidade está aí. E son uns Orzamentos que veñen cubrir as eivas que deixa a Xunta nesta provincia. Entonces, estamos orgullosos diso, son os do reparto obxectivo e os de loitar contra a Galicia de Feijóo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“En canto ó que manifestaba en relación a que usuarios das residencias da Deputación de Lugo son beneficiarios das libranzas, dicirille que só son beneficiarios aqueles que xa as tiñan antes, que estaban en centros privados, porque os que se tramitaron en abril, que foi cando se abriu a primeira residencia, a de Trabada, a día de hoxe aínda están nalgún caso esperando a ser valorados, e unha vez que se valora a dependencia é cando se lles concede ou non o recurso, que neste caso é



o que piden a libranza, tardarán un ano como soe suceder. E mentres tanto temos que ser os concellos e a Deputación os que teñamos que estar asumindo ese gasto que debería asumir xa a Xunta tanto para a construción como para o servizo.

Pero outra cuestión moi importante é garantir os servizos públicos, no bipartito resulta que había 4190 profesores e a día de hoxe hai 3700; obviamente nós dende logo que as políticas que se plasman no noso Orzamento son precisamente para contribuir a paliar o despoboamento da nosa provincia”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Antes de pasar á votación, dona Elena, con todo o respecto e consideración que vostede sabe que lle teño, fixo algunhas afirmacións que nun asunto tan serio como é o Orzamento teño que precisar algunha cousa.

Vostede comezou dicindo aquí que eu a tiña chamado vinte minutos antes, vostede sabe que non, sabe que a chamei ás nove e cinco ou é dez, polo tanto había duas horas e non vinte minutos, non é o mesmo ter duas horas ca vinte minutos para preparar un tema; eu xa non entrei no detalle, pero xa que vostede o dixo si quería acláralo.

Di que nos afea o tema de Alcoa; eu creo que xa que non fixeron nada debían deixar de utilizar Alcoa, porque eu pregúntome onde esta o Sr. Feijóo? que antes das eleccións xerais tódolos días había declaracións de Alcoa, e dende que pasaron as eleccións non o volví escoitar, non sei onde está; porque posiblemente se falase agora tería que falar do plan industrial que non ten; entón non a acuso a vostede pero o seu Partido é responsable.

E, polo que eu sei, os Alcaldes que estaban citados mandaron representantes a esa reunión co comité, pero Mondoñedo non o mandou, alo menos é o que me din a min dende o comité; así que vostede saberá porque non delega, os demais delegan, e creo que é bo delegar. E o Pleno convocouse antes da convocatoria do comité, convocáronse as Comisións o 27 do mes pasado, polo tanto está convocado dende antes. E eu non sei se a Corporación Provincial ten que andar convocando e desconvocando cousas en función do que suceda por aí con outras entidades, eu

sinceramente creo que non, creo que hai outras maneiras de resolver os asuntos. Iso significa que hai nove días que foi convocada a Comisión de Facenda, polo tanto o desencadeamento do Pleno.

Pero deixando iso a un lado, fala vostede do Plan Único, e fala da súa paternidade, eu non sei se vostede é nai ou pai do Plan Único, o que si sei é que onde goberna o Partido Popular non hai Plan Único, e onde non goberna o Partido Popular si que o hai, coma na Deputación da Coruña, na Deputación de Pontevedra, e na Deputación de Lugo; en Ourense non o hai e na Xunta de Galicia non o hai. Nestas tres Deputacións que lle citei se reparten os fondos con criterios obxectivos, na Xunta de Galicia non, só o 2,3% dos plans de cooperación; e a Deputación de Ourense ten un fixo pequeniño e logo a discreción é o que abunda; esa é a realidade. Por tanto creo que por aí non nos pode criticar.

Por outra banda dicirlle que non se contempla a redución do Plan Único, senón que se vai incrementar, é certo que non en moita cantidade pero si que se vai incrementar cando se incorporen os remanentes.

E o resto do que vostede critica con respecto ó Orzamento, é que mellora todo o que había, por tanto non sei porque se empeña vostede en dicir iso.

Fala tamén dun goberno caro, pois as cousas son caras ou baratas en función do traballo que fan, pode haber alguén que cobre moi pouco e ser caro porque non fai nada, e outros que tendo un gasto maior son baratos porque fan unha xestión; pero eu diría que aquí, polo que estou vendo, cara é a oposición e non o goberno precisamente; e ademáis recórdolle que vostede no Pleno de organización creo que non votou en contra do reparto de medios que fixemos para todos, que eu creo que son necesarios, para vostede tamén, para que faga unha oposición seria, responsable e rigorosa, que espero que de aquí para adiante vaia por esa liña.

Di que traballamos lento; pois os expedientes non din iso, aquí téñense movido moitos expedientes nos últimos meses depois do verán que foi cando realmente nós empezamos a traballar; nós chegamos ó goberno cando estaba o persoal en plenas vacacións, xullo e agosto, e para poder facer as cousas fai falla persoal; pero a partires de aí vostede pode comprobar o número de expedientes que foron saíndo e logo poderemos falar de se traballamos lento ou non; outra cousa é



que vostede, por necesidades internas, nos pida outro tipo de revolucións, pero iso xa é outra historia.

En canto ós soldos, a Deputación de Lugo ten os soldos máis baixos de tódalas Deputacións de Galicia; unha Deputación que se podía comparar á nosa por tamaño, como pode ser a de Ourense, ten os soldos máis caros; así que se o noso é caro o dos demáis non lle quero dicir nada.

Di vostede que veñen os Orzamentos fóra de prazo, iso non é certo dona Elena, creo que vostede sabe que estamos no ano 2019, os Orzamentos son para o ano 2020, o Pleno foi convocado en novembro, aquí non sempre foron dentro do ano natural, e vostede estaba aquí, non sei se tivo algunha responsabilidade ou non, pero foron xa no ano seguinte; por tanto non pode ser certo o que vostede di, os Orzamentos veñen en tempo e forma como tiñamos comprometido. Ademáis, eu nunca revelo conversas particulares, pero a vostede díxenlle un motivo polo que tardaran catro ou cinco días, porque a idea era traelos no pleno ordinario anterior, e estamos a falar de catro ou cinco días despois, e eu díxenllo a vostede persoalmente, dende logo non o vou dicir en público porque respecto moito as conversas particulares, e espero que todo o mundo faga igual.

En relación coas residencias, se algunhas xa están rematadas e outras teñen consignación lóxicamente non se poñen novos orzamentos sobre o que xa está, porque ou están rematadas ou están consignadas, non imos duplicar; por tanto é lóxico que se consigne menos novo porque o resto xa está consignado, e iso estou seguro de que vostede o entende, o que ocorre é que pretende meternos unha pulliña, pero neste caso penso que non acerta.

Mire, cando se produza, estou convencido, dentro duns meses, o relevo no Goberno da Xunta, a Deputación de Lugo adelgazará algunha desas competencias impropias que neste momento estamos tendo, e polo tanto poderemos destinar eses recursos que imos liberar a contribuir a axudar máis e mellor ós concellos, e en definitiva beneficiar á poboación da provincia de Lugo.

E logo fala vostede da creación de prazas de residencias polo Sr. Feijóo, e eu creo que é unha broma que está gastando ós cidadáns, porque non hai en realidade nin unha soa praza máis, o

que hai son anuncios, deses titulares que lle gusta dar ó Presidente, que eu recoñezo que o fai moi ben, coloca a frase que quere colocar, sácanlle o titular, pero despois ó cabo do ano fálase doutra cousa e iso non se nomea. Polo tanto, sabe cando vai ter algunha residencia que vender?, cando se constrúan estas que lle deu D. Amancio Ortega, aí si, porque parece ser que hai diñeiro para facelas e vanse facer, pero será un donativo non serán propias da Xunta de Galicia.

O Sr. Feijóo leva dito moitas cousas, claro que agora os galegos xa o empezan a coñecer; e o Sr. Feijóo dixo que esta sería a lexislatura do rural, cousa moi importante para unha provincia eminentemente rural como é a nosa, pero a realidade é que no rural non se enteraron de que esta era a lexislatura do rural, é dicir que non fixo nada. E o último exemplo de que iso é así témolo no hospital de Verín, onde en vez de achegar os servizos públicos ós cidadáns o que fai é pechalos; esta é a maneira de fixar poboación no rural?, non, porque ata agora algo tan natural como parir teñen que ir facelo a moitos quilómetros de distancia, e falamos de setenta Verín, pero os concellos e as aldeas que hai que están a trinta ou corenta quilómetros de Verín, a canto están de Ourense?; iso é fixar poboación?, pois francamente creo que non dona Elena, creo que se equivoca.

E non me dixo se ía votar en contra, a favor, ou se ía absterse, pero eu o que lle digo é que os Presupostos son bos, responden ás necesidades da provincia, e se vostede actúa con coherencia política dende logo non votaría en contra”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓNS PUNTUAIS DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COMO CONSECUENCIA DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E DOTACIÓN DE DETERMINADOS POSTOS DE TRABALLO.



Logo de ver o ditame das Comisións de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas e Comisión de Asuntos do Pleno, no que se sinala o seguinte:

“A proposta da Presidencia di o seguinte:

“Vista a proposta de modificación do Cadro de Persoal desta Entidade para o ano 2020; constatándose que na mesma se crean e amortizan determinadas prazas o que repercute directamente na Relación de Postos de Traballo (RPT), é obrigado adecuar o mencionado texto amortizando e creando os postos conforme se deriva das modificacións do Cadro de Persoal co obxecto de manter a homoxeneidade e coherencia entre ambas propostas.

Así mesmo, á vista dos datos que constan no Libro de Rexistro de Persoal, e tendo en conta o Acordo sobre carreira horizontal e o compromiso alcanzado na Mesa Xeral de Negociación no sentido de que debe preverse a existencia de postos de nivel experto suficientes para atender as previsións de progresión para o ano 2020, créanse os postos de nivel experto que permitan progresar a aqueles empregados da Entidade que acrediten a antigüidade suficiente para progresar a nivel experto. Finalmente aténdese a proposta do Servizo de Cultura e Turismo, demandando a dotación dun posto de Asesor Técnico, xa existente, así como a necesidade de dotación do posto de Xefe de Negociado de Rexistro, cuxas funcións están sendo desempeñadas en ATF por un empregado desta Entidade. Finalmente, modifícase a adscrición de determinados postos por consideralo máis apropiado ás necesidades dos distintos Servizos.

1.- POSTOS QUE SE AMORTIZAN:

Nº	POSTO DE TRABALLO	GR./SUBG.	Nº POSTO	RÉX. XURÍDICO	SERVIZO
1	ENXEÑEIRO CAMIÑOS, CANLES E PORTOS ENTRADA	A/ A1	1686	RF	SERVIZO VÍAS E OBRAS
1	TÉC. SUPERIOR ARQUIVÍSTICA ENTRADA	A/A1	1624	RF	SECCIÓN DE ARQUIVO
1	ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL ENTRADA	A/A2	1348	RF	SERVIZO ARQUITECTURA
1	ADMINISTRATIVO-TRADUCTOR ENTRADA	C/C1	1716	RF	ASESORÍA XURÍDICA

1	ESPECIALISTA TÉCNICO INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN ENTRADA	C/C1	1650	RF	SERVIZO DE COMUNICACIÓN E TICS
1	AUXILIAR RELACIÓNS INSTITUCIONAIS NIVEL II	C/C2	1300	RF	SECCIÓN MEDIOAMBIENTE
1	GARDABOSQUE EXPERTO	AP	1369	RF	SERVIZO DE ARQUITECTURA
1	MAQUINISTA GRANXA NIVEL II	C/C2	130	RL	GRANXA PROVINCIAL
1	MAQUINISTA GRANXA NIVEL ENTRADA	C/C2	135	RL	GRANXA PROVINCIAL
1	AUX. ENFERMARÍA ENTRADA	C/C2	374	R F/L	SERVIZO PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS
1	MESTRE ARTESÁN OBRADOIRO TRAXE TRAD. GALEGO	C/C1-C2	1981	R F/L	CENTRO ARTESANÍA E DESEÑO
TOTAL: 11					

2.- POSTOS QUE SE CREAN E INCORPORACIÓNS A DISTINTOS SERVIZOS E UNIDADES

Nº	POSTO DE TRABALLO	GR./SUBG.	Nº POSTO	RÉX. XURÍDICO	SERVIZO
1	TÉCNICO DE XESTIÓN ENTRADA	A/A2	1692	RF	POSTO NON ADSCRITO
5	AUXILIARES A.X. ENTRADA	C/C2	1696	RF	POSTOS NON ADSCRITOS
			1697	RF	
			1698	RF	
			1699	RF	
			1691	RF	
1	ENXEÑEIRO TÉC. OBRAS PÚBLICAS ENTRADA	A/A2	1693	RF	SERVIZO DE VÍAS E OBRAS
1	DELINEANTE ENTRADA	C/C1	1694	RF	SERVIZO DE VÍAS E OBRAS
1	AUXILIAR ARQUIVO ENTRADA	C/C1	1695	RF	SECCIÓN DE ARQUIVO
2	MAQUINISTA CONDUTOR ENTRADA	C/C1 C/C2	1700	RL	PARQUE MÓBIL
			1701	RL	
TOTAL: 11					



3.- CREACIÓN DE POSTOS DE NIVEL EXPERTO

Nº	POSTO DE TRABAJO	GR./SUBG.	Nº POSTO	RÉXIME XURÍDICO
1	TÉC. SUP. EDIFICACIÓNS E OBRAS EXPERTO	A/A1	1704	RF
1	TEC. ADMÓN. XERAL EXPERTO	A/A1	1718	RF
1	COORD. TALLER ACTIV. FORMATIVAS EXPERTO (SENTENZA)	A/A2	1702	RF
1	TÉC. INFORM. PROF. DEMAND. EMPREGO EXPERTO (SENTENZA)	A/A2	1717	RF
1	AUX. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS EXPERTO	C/C2	1703	RF
1	ANIMADOR RUTAS TURÍSTICAS EXPERTO	C/C2	1705	RF
1	AUX. INFORMÁTICO EXPERTO	C/C2	1706	RF
1	VIXILANTE MEDIOAMBIENTE EXPERTO	C/C2	1707	RF
1	ANIMADOR SOCIOCULTURAL EXPERTO	C/C2	1716	RF
1	XEFE GRUPO EXPERTO "A EXTINGUIR"	C/C2	1708	RF
6	VIXILANTE MUSEO EXPERTO	AGRUP. PROFES.	1709	RF
			1710	RF
			1711	RF
			1712	RF
			1713	RF
			1714	RF
1	OBREIRO EXPERTO	AGRUP. PROFES.	1715	R F/L
TOTAL: 17				

4.- POSTOS QUE SE DOTAN:

Nº	POSTO DE TRABALLO	GR./SUBG.	Nº POSTO	RÉXIME XURÍDICO	SERVIZO
1	XEFE NEG. I TRAMITAC. ADMITIVA. REXISTRO	C/C1	1519	RF	UNIDADE DE REXISTRO XERAL
1	ASESOR/A TÉCNICO	A/A1 A/A2	1035	RF	SERVIZO DE CULTURA E TURISMO
TOTAL: 2					

5.- CAMBIO A RÉXIME XURÍDICO FUNCIONARIAL

Nº	POSTO DE TRABALLO	GR./SUBG.	Nº POSTO	SERVIZO
1	ADMINISTRATIVO ENTRADA	C/C1	1688	SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIAS

6.- CAMBIO DE ADSCRICIÓN

Nº	POSTO DE TRABALLO	GR./SUBG.	Nº POSTO	RÉX. XURÍDICO	SERVIZO
1	ASESOR TÉCNICO	A/A1 A/A2	190	RF	TURISMO
1	ASESOR TÉCNICO	A/A1 A/A2	1268	RF	NON ADSCRITO
1	COORDINADOR X. II TRADUTOR/A LINGUAXE XURÍDICA	C/C1 C/C2	985	RF	NON ADSCRITO
1	ADMINISTRATIVO XEFE OFICINA "A EXTINGUIR"	C/C1	146	RF	NON ADSCRITO
1	RESPONSABLE COORDINADOR II INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	A/A2 B C/C1	1066	RF	NON ADSCRITO
TOTAL: 5					

As Comisións de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, e de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D.



José Pardo Lombao, D. Óscar Poy Franco, D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do goberno provincial, no seguinte sentido:

“Esta proposta consiste nin máis nin menos no que o seu título indica, que é unha proposta sobre as modificacións puntuais da Relación de Postos de Traballo desta Institución, como consecuencia da modificación do cadro de persoal que se presenta xunto co Orzamento, e a dotación de determinados postos de traballo.

Unha vez que se constata que se amortizan determinadas prazas, isto repercute directamente na Relación de Postos de Traballo, e obríganos a adecuar ese texto amortizando e creando os postos en función do que se deriva desa modificación do cadro de persoal, co único obxecto de manter a homoxeneidade e a coherencia entre ambas propostas, en todo caso creando o mesmo número de prazas que se amortizan.

Hai que ter en conta tamén o acordo sobre a carreira horizontal e o compromiso que se acadou na Mesa Xeral de Negociación no que tamén se crean os postos de nivel experto, que permiten progresar a aqueles empregados desta Entidade que acrediten a antigüidade suficiente para progresar a nivel de experto.

Tamén se atende unha proposta do Servizo de Cultura e Turismo demandando a dotación dun posto de asesor técnico, que xa existe. Así como tamén a necesidade da dotación do posto de xefe de negociado de Rexistro no que se están exercendo as funcións cunha atribución temporal de funcións por un empregado desta Entidade.

Finalmente o que se fai nesta proposta é modificar a adscrición de determinados postos por consideralo máis apropiado ás necesidades que nos achegan dende os distintos Servizos. Como todos vostedes saben, porque xa lles foi aclarado na Comisión pertinente, isto chega por un acordo

unánime da Mesa de Negociación desta Institución, e dámoslle traslado ó Pleno para o seu debate a través desta proposta.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Con respecto á proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo desta Deputación, nós non nos opoñemos á proposta no sentido desa xénese que é o acordo unánime na Mesa de Negociación, que nos parece sempre o desexable, pero si que botamos en falta con respecto á Relación de Postos de Traballo e ó propio cadro laboral desta Deputación unha aposta decidida do Goberno por uns perfís de asesoramento e de cooperación cos concellos.

Somos coñecedores, e entendemos que vostedes tamén o deberían ser, de que os concellos, particularmente os máis pequenos, teñen moitas dificultades no seu día a día para asumir os servizos que teñen en relación a cuestións urbanísticas, a cuestións xurídicas, e demáis, porque as prazas de habilitados do Estado moitas veces non se conta con elas, e porque precisamente esta función debería ser a prioritaria, e de feito o é na Constitución para esta Deputación, o asesoramento e a cooperación.

Ese asesoramento e cooperación que se puxo en valor no punto anterior con respecto ó Plan Único, que é coñecida a nosa postura tal e como expresou anteriormente a nosa voceira, si que é certo que non existe nesta Relación de Postos de Traballo cara ó ano que vén unha aposta deste novo goberno con respecto a asesoramento.

Cremos que sería fundamental ter en conta esas necesidades da provincia, ademáis recollidas en múltiples solicitudes e requirimentos dos Alcaldes e Alcaldesas desta provincia, fundamentalmente dos concellos máis pequenos. Polo tanto cremos que realmente debería terse en conta esta necesidade porque ás veces parece que o cadro laboral que se propón é máis para as necesidades endogámicas da propia Corporación, que serán necesarias pero efectivamente hai que ter en conta que estamos, tal e como se comentou antes, ante o goberno máis caro da historia desta Deputación, que o señor Presidente antes dixo que recoñecía que eran caros pero traballadores, despois dixo que xa non eran tan caros porque, comparados con outros, ata eran baratos. Entonces,



sexan caros ou non, o que é certo é que esa necesidade está na maioría dos concellos e non se atende con esta proposta que fai o goberno”.

Intervén o Sr. Presidente, quen se manifesta no seguinte sentido:

“Don José Antonio, non poña na miña boca cousas que non dixen porque está gravado, eu non dixen que fomos un goberno caro, puxen un exemplo de que hai cousas baratas que saen caras, e cousas que poden sair máis caras e ser baratas; por tanto non diga que eu recoñecín que eramos caros. Polo tanto vostede diga o que queira, pero non o poña na miña boca”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Alégrame saber que vostedes manifestan, aínda que de xeito indirecto, o apoio a ese acordo da Mesa Xeral de Negociación, que en definitiva é o que se trae como traslado ó Pleno, e que o que fan é simplemente unha reflexión e o traslado do que debería ser unha proposta que ó mellor tiña que chegar doutro xeito, ou mesmo o día que tivemos a Comisión correspondente na que vostedes se abstiveron e creo recordar que non tomaron a palabra.

Pero simplemente para puntualizar dicirlle que vostede o sabe tal vez mellor ca min, porque foi Alcalde, que a cooperación que se fai cos concellos non é só dende o Servizo de Cooperación senón que se fai de xeito transversal dende todos e cadaún dos Servizos da Deputación de Lugo, creo que diso son ben coñecedores vostedes porque teñen constancia de que moitas veces calquera técnico de calquera Servizo acode ós concellos naquilo que necesitan”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Nós insistimos nesa necesidade, creo que deberían ser coñecedores a estas alturas de reforzar ese Servizo de asesoramento técnico e xurídico basicamente ós concellos, ante a dificultade e a complexidade de moitas cuestións que diariamente se atopan parte dos nosos concellos.

E tamén queda un pouco en suspenso, e imos ver como se vai realizar, a seguridade de determinadas persoas que teñen unhas expectativas laborais nesta Deputación, ademáis vinculadas á súa propia iniciativa de hai anos, como é as traballadoras das residencias que foron seleccionadas no seu momento, que tampouco está moi claro cal vai ser o seu futuro. E tamén veremos, segundo vaia avanzando a liquidación da sociedade Suplusa, a situación na que se van atopar os traballadores.

En todo caso para nós iso é irrenunciabile, eses dereitos adquiridos por tódalas persoas, tal e como vimos defendendo en coherencia dende hai anos, non é de hoxe. Polo tanto nese sentido imos manter esa abstención, pero facendo fincapé nesas dúas cuestións que cremos que son importantes para a provincia e para persoas que teñen unha expectativa laboral que vostedes lles crearon hai tempo, enganándoos durante catro anos, e que aínda non está claro cal vai ser”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do goberno provincial, quen manifesta o seguinte:

“Tomamos nota das súas propostas, que ben podían ser trasladadas a un Rogo; e tamén dicirlle claramente que creo que erra unha vez máis co lugar onde quere abrir o debate, pero a nós, teña por seguro, tamén nos preocupa moito o futuro dos traballadores da entidade provincial na cal vostede é liquidador, igual ca min e ca compañeira do BNG”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

3.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DE ACORDOS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DE 12 DE NOVIEMBRE DE 2019, REFERIDOS A COMPLEMENTO DE INCAPACIDADE TEMPORAL; PRÓRROGA DO PRAZO DE REALIZACIÓN DO CURSO ESPECÍFICO



DE 30 HORAS PARA A PROGRESIÓN NA CARREIRA HORIZONTAL; E APLICACIÓN DO INCREMENTO ADICIONAL DA MASA SALARIAL DO 0,30% Á PRODUTIVIDADE.

Logo de ver o ditame das Comisións de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas e Comisión de Asuntos do Pleno, no que se sinala o seguinte:

“A proposta da Presidencia di o seguinte:

A Mesa Xeral de Negociación de condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Deputación Provincial de Lugo, en uso das atribucións que lle confire, en materia de negociación colectiva, o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, integrada polas organizacións sindicais UGT, CCOO, CSIF e CIG, que representan á totalidade dos integrantes dos órganos unitarios de representación do persoal funcionario e laboral da Entidade (Xunta de Persoal e Comité de Empresa), acadou un acordo sobre tres materias concretas, das comprendidas dentro de aquelas que son obxecto de negociación, segundo o artigo 37 da citada disposición básica de emprego público.

As materias que foron obxecto de acordo son :

1.- COMPLEMENTO RETRIBUTIVO EN CASO DE INCAPACIDADE TEMPORAL, DERIVADA DE BAIXA POR ENFERMIDADE COMÚN E ACCIDENTE NON LABORAL.

2.-PRÓRROGA ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2020 DO PRAZO PARA ACREDITAR TER REALIZADO O CURSO ESPECÍFICO DE FORMACIÓN DE 30 HORAS PREVISTO PARA ACREDITAR A FORMACIÓN ESIXIDA A EFECTOS DE PROGRESAR NA CARREIRA HORIZONTAL.

3.- APLICACIÓN AO CONCEPTO PRODUTIVIDADE, DO CAPÍTULO I DOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DO INCREMENTO ADICIONAL DO 0,30% DA MASA SALARIAL, PREVISTO, PARA O ANO 2019, NO REAL DECRETO LEI 24/2018, DE 21 DE DECEMBRO, POLO QUE SE APROBAN MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE RETRIBUCIÓN NO ÁMBITO DO SECTOR PÚBLICO.

Logo do correspondente proceso negociador, os ditos acordos foron acadados nunha reunión negociadora da Mesa Xeral de Negociación, celebrada o pasado 12 de novembro de 2019, co apoio unánime das organizacións sindicais que a integran.

Conforme ao previsto no artigo 38 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os acordos adoptados deben ser obxecto de aprobación expresa e formal polos órganos que teñan atribuída a competencia por razón da materia.

1.- COMPLEMENTO RETRIBUTIVO EN CASO DE INCAPACIDADE TEMPORAL, DERIVADA DE BAIXA POR ENFERMIDADE COMÚN E ACCIDENTE NON LABORAL.

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa Xeral de Negociación Común (MXN) da Deputación de Lugo acadou un Acordo para regularizar a aplicación de normas xerais contidas no Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, no referido, entre outras materias, ao Complemento retributivo nas situacións de Incapacidade Temporal, que supuxo unha modificación das condicións sobre esta materia contidas no Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario (AMU) e no Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral (CCU).

2º.- Este Acordo foi subscrito o 25 de outubro de 2012, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 38 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e na Disposición Adicional Novena do AMU e na Disposición Adicional Décima do CCU sobre modificacións parciais puntuais dos citados textos.

3º.- A citada adaptación ao establecido imperativamente pola precitada norma, supuxo a modificación da redacción dos artigos 21.4 do AMU e 22.4 do CCU co seguinte texto:

“De conformidade co disposto no artigo 9 do RD-L 20/2012, de 13 de xullo, a prestación económica por situacións de incapacidade temporal serán as seguintes:



Cando a situación de IT derive de Accidente de Traballo ou Enfermidade Profesional as prestacións de Seguridade Social por estas continxencias serán complementadas pola Entidade ata completar o 100% da retribución.

Cando a situación de IT derive de Enfermidade Común ou Accidente non Laboral as prestacións de Seguridade Social serán complementadas pola Entidade ata completar as seguintes retribucións:

- Do 1º ao 3º día en situación de IT : 50 %*
- Do 4 ao 20 día en situación de IT : 75 %*
- A partir do 21 día en situación de IT: 100 %*

Igualmente serán complementadas as prestacións da Seguridade Social ata o 100% pola Entidade nos seguintes supostos:

- Hospitalización.*
- Intervención cirúrxica.*
- Enfermidade grave (aquelas que figuran incluídas na relación do Anexo do RD 1148/2011, de 29 de xullo).*
- Accidente non laboral grave*
- Situacións de enfermidade que resulte especialmente onerosa para o empregado/a.*

As solicitudes de complemento de IT tramitaranse de conformidade ao procedemento e nos prazos establecidos regulamentariamente.

As baixas por IT cunha duración superior a 90 días complementaranse conforme ao sistema establecido a tal fin no AMU e no CCU, manténdose o sistema de control vixente.”

4º.- Nas Cláusulas finais do citado acordo recollíase o seguinte:

“1º.- As modificacións do AMU e CCU incluídas no presente texto que teñan como causa a aplicación imperativa do RDL 20/2012, enténdense en sentido suspensivo en tanto persista a causa que motivou as mesmas (crise económica) recuperándose a redacción orixinal cando se supere esta nos termos que permita a lexislación vixente, previo Acordo da Mesa Xeral de Negociación”.

5º.- Conforme ao previsto no artigo 38.3 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o devandito Acordo foi sometido á aprobación do Pleno da Deputación Provincial, que o ratificou, en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2013, en uso das atribucións que lle confiren os artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 57.18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

PROPOSTA SOBRE COMPLEMENTO RETRIBUTIVO DAS PRESTACIÓNS DA SEGURIDADE SOCIAL, EN SITUACIÓNS DE INCAPACIDADE TEMPORAL.

I. PREÁMBULO

Existe consenso, e así se recolle en diversos acordos sobre esta materia, subscritos en distintas Administracións Públicas- estatal, autonómicas e locais, que os empregados públicos teñen contribuído de maneira notable e directa á recuperación económica e ao cumprimento dos compromisos adquiridos por España en materia de control do gasto público e soportado unha parte importante do esforzo de austeridade levado a cabo nos últimos anos, sendo unha contribución determinante na consecución dos obxectivos citados.

As ditas medidas de control do gasto e de estabilidade orzamentaria, introducidas, entre outras, polo Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, modificaron temporalmente o réxime de compensacións retributivas durante a situación de Incapacidade Temporal, que supuxo importantes minguas nas retribucións do persoal en situacións de baixa por enfermidade.

A mellora da situación económica e orzamentaria, permitiu que se acadaran acordos no ámbito das administracións públicas que deron lugar a abrir a posibilidade de que se reconducise o tratamento das situacións de Incapacidade temporal dos empregados públicos, posibilidade que se reflicte no contido da Disposición adicional quincuaxésima cuarta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

Nesta disposición establécese a posibilidade de que en cada Administración Pública se poida determinar, previa negociación colectiva, o restablecemento de compensacións ou complementos retributivos, para supostos de licenzas por enfermidade, que poidan alcanzar ata o 100% das retribucións, completando as prestacións do sistema público de Seguridade Social, a fin de que non se teña menoscabo económico por causa da dita situación que impide a prestación laboral efectiva e mentres dura a dita situación.



II. CONTIDO

O Presente Acordo de condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Deputación de Lugo subscríbese, dunha parte, pola representación do Goberno da Entidade; e, de outra, pola representación dos sindicatos UNIÓN GENERAL DE TRABALLADORES (UGT), COMISIÓN OBREIRAS (CCOO), CONFEDERACIÓN SINDICAL INDEPENDENTE DE FUNCIONARIOS (CSI-F) e CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) e polos presidentes dos órganos unitarios de representación do persoal, Xunta de Persoal e Comité de Empresa, no marco das atribucións que para asinar acordos e pactos sobre condicións de traballo lle confire o Capítulo IV do Título III da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e demais normativa aplicable, sinaladamente o Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do Estatuto dos Traballadores.

En virtude do sinalado nas citadas disposicións, as partes asinantes

A C O R D A N:

1º.- Dar por constituída, coa lexitimación necesaria para subscribir acordos e pactos sobre condicións de traballo, con eficacia xeral, a Mesa Xeral de Negociación, común para persoal funcionario e laboral, da Deputación provincial de Lugo.

2º.- Modificar da redacción dos artigos 21.4 do AMU e 22.4 do CCU, referidos ao Complemento retributivo para as situacións de baixa derivadas de Incapacidade Temporal, co seguinte teor:

“Cando a situación de IT derive de Accidente de Traballo ou Enfermidade Profesional as prestacións de Seguridade Social por estas continxencias serán complementadas pola Entidade ata completar o 100% da retribución.

Igual complemento retributivo farase efectivo cando a situación de IT derive de Enfermidade Común ou Accidente non Laboral.As solicitudes de complemento de IT tramitaranse de conformidade ao procedemento e nos prazos establecidos regulamentariamente.

As baixas por IT cunha duración superior a 90 días complementaranse conforme ao sistema establecido a tal fin no AMU e no CCU, manténdose o sistema de control vixente.”

3º.- Crear unha Comisión de seguimento, de composición paritaria, entre representantes das organizacións sindicais asinantes e do Goberno da Deputación, designados por cada unha das

partes, que terá como obxectivo analizar o nivel de absentismo existente e propoñer medidas que integren un plan de control do mesmo, na liña do sinalado no apartado catro da xa referida Disposición adicional quincuaxésima cuarta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

4º.- Este Acordo terá plena efectividade unha vez sexa ratificado polo Pleno da Corporación Provincial, en uso das atribucións que lle confiren os artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 57.18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

2.- PRÓRROGA ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2020 DO PRAZO PARA ACREDITAR TER REALIZADO O CURSO ESPECÍFICO DE FORMACIÓN DE 30 HORAS PREVISTO PARA ACREDITAR A FORMACIÓN ESIXIDA A EFECTOS DE PROGRESAR NA CARREIRA HORIZONTAL.

ANTECEDENTES

A Deputación Provincial de Lugo implantou un sistema de carreira horizontal que permite que os empregados da Entidade teñan a oportunidade de progresar profesionalmente sen cambiar de posto, na liña do establecido no EBEP como dereito dos empregados públicos.

Este sistema de carreira horizontal contempla como elementos esenciais para este progreso profesional, en primeiro lugar, a experiencia adquirida no desempeño das funcións do posto, medido polos anos efectivos de desempeño destas; en segundo lugar, a formación continua específica relacionada coas funcións do posto que permita adquirir mellores destrezas teórico practicas para unha mellora continua da eficacia e eficiencia, coa esixencia dun número de horas de formación para o progreso no nivel de carreira; e, finalmente, a avaliación do desempeño e a obtención dunha avaliación positiva como mostra de que a participación nas actividades programadas en cada servizo redundan na consecución dos obxectivos establecidos en cada exercicio para o cumprimento dos fins da Entidade na xestión dos servizos públicos encomendados. O despregue deste sistema de carreira horizontal demandou a implantación dunha serie de procedementos que xunto coa carga funcional habitual do Servizo de Recursos Humanos dificultou o cumprimento do prazo previsto inicialmente para levar adiante o deseño e execución do curso



específico de 30 horas, que debe realizar necesariamente todo o persoal afectado polo sistema de carreira deseñado.

PROPOSTA:

Tendo en conta a realidade analizada, as partes asinantes

A C O R D A N:

Que se amplíe o prazo para levar adiante o curso específico de 30 horas, previsto no sistema de carreira horizontal, ata o 31 de decembro de 2020, sen que a dita ampliación obstaculice a aplicación dos niveis de carreira acadados cando se cumpran o resto dos requisitos previstos para a progresión de nivel.

3.- APLICACIÓN AO CONCEPTO PRODUTIVIDADE, DO CAPÍTULO I DOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DO INCREMENTO ADICIONAL DO 0,30% DA MASA SALARIAL, PREVISTO, PARA O ANO 2019, NO REAL DECRETO LEI 24/2018, DE 21 DE DECEMBRO, POLO QUE SE APROBAN MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE RETRIBUCIÓN NO ÁMBITO DO SECTOR PÚBLICO.

ANTECEDENTES

A Mesa Xeral de Negociación, en sesión negociadora, celebrada o 18 de xaneiro de 2019, analizou o contido do Real Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, e adoptou un acordo sobre aplicación dos incrementos retributivos que, para o ano 2019, prevía no seu artigo 3.Dous, consistentes nun incremento global do 2,25%.

O dito incremento retributivo foi aplicado, tanto nas retribucións básicas como nas retribucións complementarias, a todo o persoal funcionario, laboral e eventual da Deputación Provincial de Lugo, en servizo activo, con efectividade do 1 de xaneiro de 2019.

Con posterioridade, e con efectividade do 1 de xullo de 2019, foron incrementadas nun 0,25% as retribucións indicadas no apartado anterior e ao persoal xa sinalado, como consecuencia

do previsto no parágrafo segundo do xa citado artigo 3.Dous do Real Decreto Lei, como consecuencia de terse producido o preceptivo acordo do Consello de Ministros, logo de terse constatado e publicado a estimación de avance do PIB polo Instituto Nacional de Estatística.

Na mesma disposición legal (artigo 3. Dous, último parágrafo do Real Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público) contéplase a posibilidade de autorizar un incremento adicional do 0,25% da masa salarial para *“entre outras medidas, a implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables, a homologación de complementos de destino ou a achega a plans de pensións”*.

Igualmente recóllese na citada norma que este incremento pode alcanzar o 0,30 % *“naquelas Administracións e restantes entidades do sector público (entre as que se inclúen as Corporacións Locais e Organismos delas dependentes) en situación de superávit orzamentario no exercicio 2018”*.

PROPOSTA SOBRE APLICACIÓN DESTE INCREMENTO ADICIONAL .

En virtude do sinalado na citada disposición, as partes asinantes

A C O R D A N:

Que o referido incremento adicional do 0,30% da masa salarial sexa destinado a engrosar a dotación do Capítulo I dos Orzamentos da Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2019, recollida no Capítulo 15, Incentivos ao Rendemento, Concepto 150, Produtividade.

Á vista de canto antecede, propono que a Presidencia someta á consideración do Pleno os devanditos acordos, en materia de persoal, para que este, de estimalo oportuno, en uso das atribucións que lle confiren os artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 57.18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, os ratifique”



As Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, e de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, D. Óscar Poy Franco, D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Toma a palabra o Sr. Presidente, para desexarlle tanto aos señores Deputados como ás persoas que asisten ó Pleno que pasen un bo Nadal.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.